

A Academia de Vilalba



Xulio Xiz

Sinto non terme enterado previamente de que alumnos da antiga “Academia Santa María” se ían reunir nun xantar e logo facer unha foto diante da casona que foi sede da Academia, porque me houbese gustado asistir.

Levo dito e escrito varias veces que cumpría facer unha xuntanza de antigos alumnos desta meritoria academia, para vernos as caras medio século despois e ver como a traxectoria de cada quen se veu influída polo papel que a Academia tivo na nosa formación.

Eu polo menos sempre acreditarei o meu agradecemento e devoción por aquela iniciativa que conseguiu para Vilalba unha formación imprescindible, e conseguiu que – a falta dun instituto naqueles anos cincuenta e sesenta- os rapaces e rapaces de Vilalba puidesemos estudar desde a casa e virnos examinar a Lugo como alumnos libres nunhas condicións de formación excelentes.

Nos Institutos lucenses, os estudantes de vilalbeses tiñamos sona de moi ben preparados. E dos que a Lugo acudiamos, de toda a provincia os mellores segundo se comentaba eramos os da Academia Muínelo de Taboada, o Colexio da Asunción de Sarria, e os da Academia de Vilalba.

A Academia que eu lembro – do ano cincuenta e sete ó sesenta e catro – estaba dirixida por don Adolfo Pato Bernárdez, ferrolano, párroco vilalbés, que ademáis daba clase de relixión. Estaban Dona Carmen Peña, que daba Física e Química. Don Antonio Eimil, que me deu Agricultura e non lembro que outras asignaturas. Don Francisco, para historia e xeografía. Don Daniel Ferreiro, con lingua, francés, e non sei cantas cousas máis, para min o mellor que lembro. Dona Chari, a súa muller, coído que a única supervivinte daquel electo formativo. E Don Cándido Cascudo, que moi axiña se veu dar clase ó Instituto de Lugo. A todos os menciono co “Don”, porque así están na miña lembranza. Daquela o ensino era cousa seria, e así era entendido por todos.

E estaba o Paz, Antonio Paz Cabo, que era o bedel pero tamén controlador de presencias e comportamentos, alimentación dunha calefacción imposible que contaba cunha estufa no piso e unha lareira no baixo, sempre no inverno acesas con leña partida polo Paz na mesma academia.

Por alí pasamos os vilalbeses que hoxe pasen do medio século, que non tiñamos posibles para ir máis lonxe a estudar. Por eso, ten que haber por Vilalba ou por fóra, coma min, alomenos un par de centos de antigos alumnos cos que sempre será xeitoso poder falar aínda que só sexa para comprobar que a nosa memoria segue a estar viva.

Eu agardo que esas xuntanzas de antigos alumnos da Academia sigan a celebrarse con periodicidade anual, e nos dean oportunidade a outros de incorporarnos para ir incrementando o número de asistentes. Que coído temos moito do que falar, moito que lembrar e moitas cousas que poñer ó día.

En fin, que moi ben eso de xuntarse os antigos membros de calquera colectividade, que os lazos que se establecen nas primeiras idades son os máis duradeiros, e asoman con calquera motivo aínda que pensemos que están soterrados por milleiros de acontecementos.

Se volve a celebrarse e me avisan con tempo, asistiréi moi gostoso para ver e falar cos antigos compañeiros da meritoria e histórica Academia vilalbesa de Santa María.